

Recorda

ASÍ SI	ASÍ NON
Persoas con discapacidade	os discapacitados
Persoas xordas	os xordos, xordomudos
Persoas cegas	invidentes
Persoas con discapacidade física	inválido, coxo, paralítico
Persoas con discapacidade intelectual	subnormal, atrasado
Persoas con síndrome de Down	subnormal, atrasada
Persoas con enfermidade mental	tolito, demente, trastornado
Persoas con autismo	autista
Persoas con sordoceguera	xordo, cego
Usuario/a de cadeira de rodas	prostrado/a en cadeira de rodas
Lingua de signos	linguaxe de signos
Ter, presentar, manifestar unha discapacidade	Padecer, sufrir unha discapacidade
Persoas sen discapacidade	Persoas normais
Investimento social	Gasto social



¿Qué é o CERMI Galicia



Comité de Entidades Representantes de persoas con Discapacidade de Galicia

O Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia, CERMI Galicia, é a plataforma de representación, defensa e acción dos cidadáns galegos con discapacidade ante os poderes públicos e a sociedade civil.

Constituíuse o 17 de febreiro de 1999, froito do acordo das catro principais organizacións autonómicas de persoas con discapacidade - COGAMI, FADEMGA-FEAPS Galicia, FAXPG e ONCE - ás que máis tarde se adheriron FEFES Galicia, DOWN Galicia, AUTISMO Galicia e FEGADACE. Segundo os datos do último censo, en Galicia hai actualmente un total de 260.360 persoas con discapacidade.

Su organización

Enderezos:

Presidencia do CERMI.
r/ Modesto Brocos, n.º 7 3-bloque Baixo
15704—Santiago de Compostela
Teléfono: 981 574698
Correo electrónico: presidencia@cogami.es

Secretaría do CERMI
r/ Cantón Grande, 3. Andar 8º
15003 - A Coruña
Teléfono: 981 206900 (ext. 2804)
Correo electrónico: cermi.galicia@once.es

Tratamento da discapacidade nos medios de comunicación





Normas básicas de tratamento da discapacidade nos medios de comunicación

O tratamento das persoas con discapacidade nos medios é moi desigual, e aínda que en xeral é cada vez máis rigoroso advertimos a necesidade de que os profesionais dediquen a atención necesaria a tomar conciencia da importancia de tratar a discapacidade sen ningún tipo de excepcionalidade.

As conclusións asinadas por case un centenar de xornalistas reunidos no I Encontro sobre "Periodismo e Discapacidade" en 2004, coñecida como Declaración de Salamanca, constitúen un exemplo modélico de boas prácticas no trato informativo ás persoas con discapacidade:

Preámbulo

1. O artigo 1 da Declaración de Dereitos Humanos proclama que "todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos". Para que este principio se faga realidade é necesario que os medios de comunicación, creadores de imaxes e conformadores de identidades colectivas, contribúan a que as persoas con discapacidade poidan gozar dos dereitos recoñecidos na Constitución: civís, políticos, sociais, económicos e culturais.
2. As persoas con discapacidade foron tradicionalmente ignoradas e apartadas da sociedade. De feito, a discapacidade asóciase a conceptos negativos froito, en boa medida, da ignorancia, a superstición, os prexuízos e dunha serie de factores culturais que foron levantando barreiras invisibles difíciles de superar. Este rexeitamento xerou síndromes de dependencia, complexos de inferioridade, sentimentos de resignación, illamento e exclusión dentro deste colectivo, agravando o problema e restando recursos para que as persoas con discapacidade poidan reivindicar os seus dereitos consubstanciais.
3. As persoas con discapacidade constitúen, aproximadamente, o 10 por cento da poboación española, e conforman un grupo heteroxéneo que se enfronta a problemas moi diversos. Non debemos, polo tanto, caer no erro de unificar e xeneralizar conceptos á hora de falar sobre a discapacidade.
4. As estatísticas poñen de manifesto as dificultades que encontran as persoas con discapacidade para poder acceder ao emprego, á educación, ao ocio ou a cultura, a pesar das medidas de discriminación positiva aplicadas e das campañas de sensibilización postas en marcha durante os últimos anos.
5. Os medios de comunicación potenciaron a inclusión de informacións relacionadas coa discapacidade, pero seguen ofrecendo enfoques equivocados ou sesgados que en ningunha medida favorecen a eliminación de prexuízos de discapacidade.

Medidas propostas

Os xornalistas proponen unha serie de medidas que favorezan a plena integración das persoas con discapacidade, conscientes de que os medios de comunicación constitúen unha ferramenta clave á hora de sensibilizar a opinión pública e potenciar os efectos que as medidas legislativas deben ter nas diferentes esferas sociais:

1. Deixar a un lado o enfoque caritativo ou victimista que tradicionalmente ofreceron os medios de comunicación para centrarnos na superación dos verdadeiros problemas que afectan ás persoas con discapacidade, como cidadáns de pleno dereito (barreiras arquitectónicas, acceso ao emprego e a vivenda, a atención sanitaria, promoción dun ámbito accesible, etc)
2. Dar voz ás persoas con discapacidade, como cidadáns independentes e protagonistas das súas propias vidas. Acabar coa súa "invisibilidade" é o primeiro paso que debemos dar para que poidan conquistar o espazo que lles corresponde. "Nada sobre nós sen nós" é un slogan que debemos ter presente antes de ofrecer calquera información á opinión pública.
3. Evitar a linguaxe discriminatoria e estigmatizante que pon a énfase sobre a discapacidade por diante da condición de persoa. É necesario ter un coidado especial á hora de elixir as palabras coas que imos definir as persoas con discapacidade, xa que a linguaxe é a ferramenta que condiciona a opinión sobre a realidade. Os adxectivos substantivados como minusválido, incapaz ou minusválido deben evitarse para chegar a superar a concepción de "enfermo" ou "paciente".
4. Ofrecer unha imaxe activa das persoas con discapacidade. A tradicional idea da persoa con discapacidade como mero receptor de axudas non reflicte completamente a realidade dun mundo no que a pasividade e o carácter asistencial non son a norma. Esta imaxe errónea contribúe a fomentar a marxinalidade.
5. Incluír as persoas con discapacidade como parte da poboación xeral en todo tipo de informacións e non só naquelas na que a discapacidade é o tema central.
6. Mostrar as persoas con discapacidade como cidadáns de pleno dereito subliñando as súas capacidades e favorecendo unha visión normalizada.
7. Abordar a información dende un enfoque contextualizado. Explicar as circunstancias contextuais axuda ao público a comprender e achegarse ao mundo da discapacidade con maior coñecemento.
8. Cubrir o tema da discapacidade de forma proporcionada, sen caer na conmisericordia nin presentar a persoa con discapacidade como un heroe

MOI IMPORTANTE

- Recoñecer a importancia das persoas con discapacidade como consumidores de información
- Que a presenza das persoas con discapacidade nos informativos de radio e televisión e noutras seccións de xornais distintas das tres "eses" (saúde, sociedade, sucesos) sexa máis proporcional á súa representación social.
- Edicións dixitais, diarios, portais e webs completamente accesibles en cumprimento da lei.
- Realizar un seguimento xornalístico do impacto das políticas públicas na vida das persoas con discapacidade. Que a información non se limite a propagar as medidas anunciadas polas Administracións e/ou as denuncias e demandas.
- Ter en conta a opinión e intervención das persoas con discapacidade á hora de abordar nos medios temas como a moda, a beleza, o baile, a sexualidade, os hábitos de consumo, as viaxes, etc...
- Que dende os medios de comunicación se exerza un papel máis activo que favoreza o cambio da imaxe social das persoas con discapacidade
- Que os profesionais dos medios de comunicación contribúan, en definitiva, a transformar a mentalidade dos seus lectores facendo uso das boas prácticas sobre o tratamento de la Discapacidade.

